

DECRETO

ASUNTO: BASES PARA A REALIZACIÓN DUNHA ESCOLA DE VERÁN NO CONCELLO DE COVELO–XULLO 2012

Dentro das actividades programadas polo Servizo de Educación Familiar do concello de Covelo para o 2012 atopase a realización dunha Escola de verán para os nenos e nenas do noso concello.

No marco da política de igualdade de xénero e conciliación da vida laboral e familiar é unha necesidade organizar actividades desta natureza que faciliten a incorporación da muller o mundo laboral e ó mesmo tempo asegurar que no verán os nenos ocupen o tempo libre de xeito proveitoso. Por outra banda o Concello, como Núcleo piloto de sostibilidade integrada ten a responsabilidade de promover o coñecemento e coidado dun entorno natural do que podemos estar tan orgullosos .

Por elo se propón un recurso educativo que permite ós nenos e nenas a través de actividades lúdicas coñecer máis o seu entorno natural, e o seu coidado, o mesmo tempo, educarse e cara un consumo responsable mediante o xogo, o pensamento, e as actitudes nun proceso de ensinanza-aprendizaxe sempre baixo o lema “Coñece para valorar e valora para sustentar”. Asemade permite ós nenos e nenas a posibilidade de realizar actividades de tempo libre no seu entorno e compatibilizar os horarios familiares, mais complexos nas vacacións escolares dos/as máis pequenos/as.

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, **DISPOÑO:**

PRIMEIRO.- Aproba-las correspondentes Bases anteriormente mencionadas.

SEGUNDO.- Aproba-los seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a admisión e realización da **ESCOLA DE VERÁN** segundo o baremo exposto a continuación.

BASES PARA A REALIZACIÓN DUNHA ESCOLA DE VERÁN NO CONCELLO DE COVELO – XULLO 2012

1. Fundamentación

O proxecto de verán para nenos/as contempla unha variedade de actividades lúdicas, recreativas e deportivas no entorno natural cunha función educativa.

2. Obxectivos

- o Divertir e entreter
- o Fomentar a creatividade nun encontro lúdico.
- o Realizar actividades deportivas
- o Ter un coñecemento cércano das olimpíadas: cando empezaron, que xogos se practican.

3. Destinatarios/as

Os/as participantes das actividades son nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Os/as participantes estarán a cargo de monitores/as, que dirixirán as actividades promovendo a participación e a cooperación.

4. Lugar de realización

- Centro Social Concello de Covelo.
- Pistas deportivas e parques Concello Covelo.

5. Temporalización - Horario:

O proxecto desenvolverase dende o 2 ó 27 de xullo de 2012:

- De luns a venres, en horario **11:00 a 14:00** horas cun descanso de media hora.
- Martes 24 de Xullo: Animación Infantil festa local (de 20,00- 22,00 horas).

6. Actividades

As actividades serán interdisciplinares, interactivas, lúdicas, deportivas e creativas.
Entre as actividades encóntranse:

Deporte e aventura:

- **Os xogos das olimpíadas: aprenderemos cada día un xogo olímpico e o practicaremos.**
- Xogos de Orientación e supervivencia, na busca da chama olímpica.
- Saídas polo entorno.

Lúdicas:

- Recreación do ambiente dunha olimpíada, no que cada grupo aportara o seu traballo e as súa particular forma de celebrar as olimpíadas
- Celebraremos as olimpíadas no noso campamento: abandeiramento, desfile, xogos olímpicos, competición, premios

Creativas:

- Obradoiros de reciclaxe para elaboración de distintos complementos deportivos
- Obradoiros de pulseiras, colares, diademas, colgantes (materiais naturais e de reciclaxe)
- Obradoiro de cociña : coñeceremos distintos pratos de países distintos.
- Obradoiro de pintura e expresión plástica.
- Obradoiro de inglés: un día á semana esta dedicado ó inglés: xogos, conversa, cultura e gimkana

***Fin do campamento:** festa a que poderán asistir os pais e nais que desexen para poder disfrutar das actuacións dos nenos e nenas que prepararon durante todo o campamento.*

7. Orzamento

o prezo inclúe:

- 1 monitor para grupo de 15 nenos/as durante todo o mes de xullo, :
- seguro para tódalas saídas e seguro de accidentes individual.
- material para o desenvolvemento de tódalas actividades
- acceso a piscina municipal
- IVE

	Nº MONITORES	Nº NENOS/AS	ORZAMENTO POR MES
3 a 12 anos	1	15-20	1094,00€ (3 HORAS día)

8. CONDICIÓN DE CONTRATACIÓN

- No orzamento tódolos prezos levan o **IVE incluído.**
- **No momento da contratación da actividade axustarase o orzamento** en base ó número de monitores contratados e ó material empregado.
- A empresa dispón de un seguro de responsabilidade civil
- No momento da contratación das actividades, a empresa porá a súa disposición un programa detallado da actividade.
- A empresa para seguridade dos nenos/as asistentes, entregará fichas de autorización de

entrega e recollida dos nenos e nenas que non sexan recollidos polo pai ou nai, sendo obrigatoria esta autorización para poder entregar o neno a outra persoa distinta.

- Así mesmo tódolos en cumprimento da lei de protección de datos, recolleremos autorización para o manexo de datos e imaxes dos asistentes o campamento.
- Para a contratación das actividades prégase avisar cun mes de antelación .
- Este orzamento ten unha validez de 3 meses a partir da fecha de emisión.

O Concello aportará como mínimo un 50% do total do ornamento. Os beneficiarios aportarán a cantidade de 20 € por nena/o.

Coa asistencia de 15 nenas/os mes, a achega do Concello será de 794 € o mes de xullo ou a parte proporcional segundo a cantidade de alumnas/os.

9. Prezo:

- Para os empadroados en Covelo:
 - 20 € persoa/mes
 - Familia numerosa : 15 € persoa/mes
- Para os NON empadroados en Covelo: 40 € persoa/mes

10. Inscripción

- As nenas e nenos interesadas deberán presentar nos Servizos Sociais do concello a folla de inscrición cuberta xunto coa fotocopia do Carne de Identidade e a Cartilla da Seguridade social
- Admitiranse os participantes na Escola de Verán por rigoroso orden de inscrición e pagamento.
- Terán preferencia participantes con informe dos Servizos Sociais.
- PERÍODO DE INSCRICIÓN e PAGAMENTO DA COTA : Do 19 o 28 de xuño.
- ADMITIDOS por rigoroso orde de inscrición.

Documentación Necesaria:

- Folla de inscrición.
- Carne de Identidade
- Cartilla da Seguridade Social
- Comprobarase se os rapaces e rapazas están inscritos no Padrón municipal.
- Comprobante de pagamento.

11. ANEXOS

- Folla de Inscripción

Covelo, 13 de xuño de 2012

O ALCALDE

Ante min, A SECRETARIA